

## ACTA

En Arzúa, a 10 de xullo de 2017.



Sendo as 10:10 horas, reúnense na aula n.º 1 do primeiro andar do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección, polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a dúas persoas para desempeñar os postos de traballo de operario de servizos varios, na modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción, cunha xornada laboral de trinta e sete horas e media semanais, por un período de duración de seis meses, para realizar as funcións previstas na Base Terceira das que rixen este proceso de selección; cuxas Bases foron aprobadas por decreto do alcalde de data 5 de maio de 2017.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- \* Presidente: D. Luis Fole Barrio (arquitecto técnico do Concello de Arzúa)
- \* Vogais:
  - Ramón Verea Castelo (encargado do servizo de mantenemento do Concello de Arzúa)
  - Jesús Rúa Taboada (condutor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa)
- \* Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (secretario do Concello de Arzúa )

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, -de conformidade co dispuesto no artigo 17 n.º 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en *“responder a un cuestionario de vinte preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición”*.

Para o cal, elaboraronse -con anterioridade ao comezo deste exercicio, as vinte cuestións en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera tres respuestas alternativas, sendo só unha de tales respuestas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos catro folios que conteñen as vinte preguntas elaboradas, incluindo tamén tres preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos trece aspirantes que compareceron a realizar este exercicio ( dos vinte e oito que figuraban na lista definitiva de admitidos); facéndolles saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta, podendo utilizar ou un equis ou un círculo.
- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0'25 puntos as respuestas incorrectas, mentres que as respuestas en branco non puntuarían nin restarían.
- Que será necesario obter unha puntuación de 10 puntos sobre 20 posibles, para superar este exercicio.
- Que a corrección de todos os exercicios será realizada na mañá do día de hoxe.
- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello, a ser posible no día de hoxe.
- Que o tempo máximo para responder ás vinte preguntas elaboradas, será de trinta minutos, dende as 10:20 horas ata as 10:50 horas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando tamén as respuestas correctas, para coñecemento dos aspirantes que realizaron dito exercicio:

**1.- Os empregados públicos clasíficanse:**

- A) Funcionarios de carreira e interinos, persoal laboral fixo ou temporal e directivo
- B) Funcionarios de carreira e interinos, persoal laboral fixo ou indefinido ou temporal e persoal eventual
- C) Funcionarios de carreira, interinos, persoal laboral fixo e eventual

**2.- Son órganos necesarios do Concello en todos os municipios:**

- A) O Alcalde, o Pleno e os Tenentes de Alcalde
- B) O Alcalde e o Pleno
- C) O Alcalde, o Pleno, os Tenentes de Alcalde e a Xunta de Goberno

**3.- O mantemento que se realiza como consecuencia dunha avaría, corresponde ao:**

- A) Mantemento correctivo
- B) Mantemento preventivo
- C) Mantemento predictivo

**4.- O proceso en virtude do cal os organismos con clorofila capturan enerxía en forma de luz e transfórmansa en enerxía química, chámase:**

- A) Fotoquímica
- B) Fotólisis
- C) Fotosíntesis

**5.- A protección á que teñen dereito os traballadores en materia de prevención debe ser (art. 14) ...**

- A) Completa.
- B) Integral.
- C) Eficaz

**6.- O número de ladrillos ocosdobres que leva un metro cadrado de tabique a tabicón é de:**

- A) 45
- B) 33
- C) 25

**7.- De entre as seguintes opcións cal é a más adecuada para a instalación interior particular de subministración de auga aos distintos aparellos dunha vivenda.**

- A) Encaixar a rede entre o forxado do chan e o pavimento
- B) Encaixar a rede a 10 cm do chan, en paredes.
- C) A nivel de teito

**8.- Os bens das entidades locais segundo a Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, clasíficanse en:**

- A) Bens de dominio público e bens patrimoniais.
- B) Bens de dominio público, patrimoniais e comunais.
- C) Bens de servizo público, de uso público, patrimoniais e comunais.

**9.- Os elementos que componen o municipio son:**

- A) Territorio, poboación e concollerías
- B) O alcalde, o pleno e a xunta de goberno local
- C) Territorio, poboación e organización

**10.- A Lei de Prevención de Riscos Laborais establece no seu artigo 14**

- A) Dereito dos traballadores a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo
- B) Dereito do empresario á protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo
- C) O dereito dos traballadores a un salario digno

**11.- Nas tarefas de limpeza de papeleiras, o principal elemento de protección persoal é:**

- A) As luvas
- B) O chaleco reflector
- C) Os zapatos de seguridade

**12.- Os envases de plástico (botellas, tarros, bandexas de cortiza branca, envoltorios e bolsas de plástico), latas e briks, deberán de depositarse nos colectores de cor:**

- A) Verde
- B) Amarelo
- C) Azul

**13.- Para utilizar as maquinas o traballador debe usalas de acordo con:**

- A) Os seus coñecementos
- B) Os seus niveis de información e riscos evidentes
- C) A súa natureza e risco previsibles

**14.- Os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo denominanse:**

- A) Representantes de Prevención
- B) Conselleiros de Prevención
- C) Delegados de Prevención

**15.- Ao instrumento de carpintería con corte curvado de media cana utilizado para labrar superficies curvas coñéceselle co nome de:**

- A) Formón
- B) Gubia
- C) Trinchete

**16.- Para cal dos supostos seguintes procede unha dedución de retribucións?**

- A) Polo tempo de exercicio do derecho de folga
- B) Pola parte da xornada non realizada
- C) As respostas A) e B) son correctas

**17.- En xeral, a propiedade máis característica e a que define a calidade dun formigón é:**

- A) A compacidade do formigón
- B) A densidade do formigón
- C) A resistencia á compresión do formigón

**18.- En xardinería, cando todas as raíces son iguais e exploran unha zona case esférica, denominanse raíces**

- A) Fasciculadas
- B) Superficiais
- C) Pivotantes

**19.- Os residuos contaminantes son...:**

- A) Sustancias químicas orgánicas, como os plásticos, metais e pesticidas
- B) Sustancias venenosas e tamén emisións de enerxía (en forma de radioactividade, luz, calor ou son) que enturban o medio ambiente.
- C) Sustancias químicas nocivas para a saúde dos seres vivos.

**20. Que compoñente dos produtos de limpeza resulta máis prexudicial polo seu efecto contaminante nos ríos?**

- A) Os tensioactivos
- B) Os blanqueadores
- C) Os fosfatos

**PREGUNTAS DE RESERVA:**

**1.- En que se mide a intensidade da corrente eléctrica:**

- A) Ohmios
- B) Amperios
- C) Voltios

**2.- Á ferramenta utilizada en carpintería para perfilar a madeira coñéceselle co nome de:**

- A) Escoplo
- B) Formón
- C) Escofina

**3.- A capacidade dos metais de deformarse sen romper, para formar fios moi finos chámase:**

- A) Maleabilidade
- B) Ductilidade
- C) Tenacidade

**Respostas:**

- 1.- B
- 2.- A

- 3.- A**  
**4.- C**  
**5.- C**  
**6.- B**  
**7.- C**  
**8.- A**  
**9.- C**  
**10.- A**  
**11.- A**  
**12.- B**  
**13.- C**  
**14.- C**  
**15.- B**  
**16.- C**  
**17.- C**  
**18.- A**  
**19.- B**  
**20.- C**

**Reserva:**

- 1.- B**  
**2.- C**  
**3.- C**

Unha vez finalizado o tempo previsto para realizar o exercicio, dentro do cal os aspirantes foron entregando os exercicios realizados, os integrantes da Comisión Seleccionadora procederon á súa corrección, dende as 10:50 horas ata as 11:20 horas.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora, -por unanimidade dos seus catro membros asistentes- otorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso a mesma orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

Nº	ASPIRANTES	PROBA TEÓRICA
1	Asunción Crego Alario	11
2	Adolfo Villar Fariñas	9'75
3	Manuel Pampín Fente	8'75
4	Roberto Balado Sangiao	6'25

5	Alfonso Carril Sánchez	Non Presentado
6	Ana Belén Freire Quintás	Non Presentado
7	M.ª de Pilar Curros Castro	Non Presentado
8	Lopes Alberto Manuel	Non Presentado
9	Alejandro Piñeiro Veiga	Non Presentado
10	Ricardo Pose Sanjurjo	Non Presentado
11	Alejandro Pérez Vázquez	Non Presentado
12	Antonio Carreira López	15
13	Luis López Sánchez	12'5
14	Diego González Pérez	Non Presentado
15	José Ignacio Vázquez Villares	15
16	José Barreiro Arias	Non Presentado
17	David Seijo Sánchez	17'5
18	José Luis Vázquez Astray	15'25
19	José Manuel Iglesias Pampín	11'75
20	Carlos Yáñez Miragaya	Non Presentado
21	Juan Sebastián Rodríguez Busto	Non Presentado
22	Óscar Pájaro Bautis	Non Presentado
23	Daniel Segade Varela	13
24	Diego Gómez Naveiras	16'75
25	Juan Manuel Fernández López	Non Presentado
26	Marcos Sánchez Fuciños	Non Presentado
27	Heliodoro Fidalgo Hermida	6'5
28	David Miguez Regueiro	Non Presentado

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados, por aqueles aspirantes que obtiveron unha puntuación próxima os 10 puntos, que era o límite para non quedar eliminados.

Adoptouse -tamén por unanimidade dos catro membros asistentes-, os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos trece aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico, da oposición convocada.

**Segundo.-** Facer saber aos catro aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 10 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por tanto que así se deduce da Base Undécima das que rixen a oposición.

**Terceiro.-** Convocar aos nove aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día 14 de xullo (venres) ás 10.00 horas, na nave de mantemento, sita na rúa Basilio Carril; cuxo exercicio consistirá na realización

dunha proba práctica determinada pola Comisión Seleccionadora, que estará directamente relacionada coas funcións propias do posto de traballo; cuxo exercicio se cualificará de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos, para o cal se disporá dun tempo máximo de quince minutos.

Co cal déronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 11.50 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia